

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 16 de decembro de 2011

# 11-101 Estado do planeamento urbanístico dos concellos

## PROXECTO TÉCNICO

O obxectivo desta operación estatística é coñecer o estado do planeamento urbanístico dos concellos así como cuantificar a dita actividade.

### Normativa e organización

#### Normativa estatal

- Real Decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (no que non se opoña ou resulte afectada pola Lei 9/2002 e as súas modificacións)
- Real Decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (no que non se opoña ou resulte afectada pola Lei 9/2002 e as súas modificacións)
- Lei 22/1988, do 28 de xullo de costas
- Lei 25/1988, do 29 de xullo de 1988, de estradas e camiños estatais
- Real Decreto 1471/1989, do 1 de decembro, polo que se aproba o regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, do 28 de xullo de costas
- Lei 27/1992, do 24 de novembro de 1992, de portos do estado e da mariña mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro de 1997
- Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro de 1994, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas, modificado polo Real Decreto 1191/1997, do 19 de decembro de 1997, e polo Real Decreto 579/1999, do 16 de abril de 1999
- Lei 38/1999 do 5 de novembro de ordenación da edificación
- Lei 8/1999 do 6 de abril, de reforma da lei 49/1960, do 21 de xullo sobre propiedade horizontal
- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas
- Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario

- Real Decreto 417/2006, do 7 de abril que desenvolve o Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo
- Lei 8/2007 do 28 de maio do solo
- Real Decreto Legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo

### **Normativa autonómica**

- Orde do 14 de maio de 1991, Normas complementarias e subsidiarias de planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
- Lei 4/1994, do 14 de setembro de 1994, de estradas de Galicia
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
- Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- Decreto 80/2000, do 23 de marzo de 2000, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal
- Lei 12/2001 do 10 de setembro de modificación de la Lei de concentración parcelaria de Galicia
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG)
- Circulares informativas 1, 2 e 3/2003, do 31 de xullo de 2003, sobre a nova Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Decreto 158/2005, do 2 de xuño de 2005, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre
- Orde do 20 de febreiro de 2006, Plan de inspección urbanística autonómica
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia

- Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia
- Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro de 2011, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro de 2011, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral
- Instrución 1/2011, do 12 de abril de 2011, para a aplicación da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Instrución 2/2011, do 12 de abril de 2011, para a aplicación da Disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Instrución 3/2011, de 12 de abril de 2011, para a aplicación da Disposición transitoria décimo terceira Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na redacción dada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo
- Instrución 4/2011, do 12 de abril de 2011, sobre a metodoloxía de cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural, ao abeiro do disposto na da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Instrución 10/2011, do 29 de xuño, sobre a aplicación da Disposición transitoria decimo segunda da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación ao recoñecemento administrativo da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

## **Organización**

Destacamos as seguintes normas de organización desta consellería:

- Orde do 11 de maio de 2009 sobre adscrición de órganos e delegación de competencias como consecuencia da entrada en vigor do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG do 22 de maio de 2009)
- Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG do 10 de xuño de 2009)
- Orde do 1 de outubro de 2009 pola que se modifica a Orde do 9 de xullo de 2009 sobre delegación de competencias no secretario xeral e noutros órganos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG do 6 de outubro de 2009)
- Decreto 449/2009, do 23 de decembro, polo que se modifica o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG do 15 de xaneiro de 2010)

## **Estrutura orgánica**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, baixo a superior dirección do/a seu/súa titular, contará para o exercicio das súas funcións coa seguinte estrutura orgánica:

- a) O/a conselleiro/a
- b) A Secretaría Xeral Técnica
- c) A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
- d) A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
- e) A Dirección Xeral de Infraestruturas
- f) A Dirección Xeral de Mobilidade
- g) A Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe

## **Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo exercerá as funcións inherentes á dirección, planificación, impulso, xestión e coordinación das competencias que, en materia de urbanismo, ordenación do territorio, así como as autorizacións e os informes na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre e no solo rústico que ten atribuídas a consellería.

O procedemento de aprobación do planeamento xeral estrutúrase en dúas fases: ao ámbito municipal correspóndelle a aprobación inicial e a provisional, así como a súa tramitación e a obriga de conseguir os informes necesarios para completar o expediente; a aprobación definitiva atribúeselle ao conselleiro.

Así pois no ámbito do planeamento xeral a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, nos seus servizos centrais, elabora o informe previo á aprobación inicial e concede a aprobación definitiva.

A competencia para a aprobación definitiva do planeamento de desenvolvemento atribúeselle, en principio, ao concello, aínda que, no caso dos plans de sectorización, dos plans especiais non previstos no plan xeral, así como aqueles contemplados no PXOM, que estean previstos para establecer a ordenación detallada do solo urbano consolidado, esixírase previamente a emisión dun informe preceptivo e vinculante da consellería.

No ámbito do planeamento de desenvolvemento os Servizos de Urbanismo (das xefaturas territoriais), elaboran as propostas de informe naquelas figuras nas que foran precisos que posteriormente se publicarán no DOG. Dilixencian nos servizos provinciais as MP/PXOM, MP/NSP e DSNR, o resto de figuras de desenvolvemento son dilixenciadas polo concello directamente.

A elaboración desta estatística farase na Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e dentro desta, na Subdirección Xeral de Urbanismo.

## **Unidades estatísticas**

Para coñecer o ESTADO do planeamento urbanístico dos concellos tomaremos como unidade estatística de referencia cada un dos concellos galegos. Así estudaremos, para cada concello cal é o instrumento de planeamento xeral vixente (PXOM, PXOU, NSP, DSU ou POMR) e o seu estado.

Para estudar a actividade de planeamento XERAL levada a cabo polos concellos empregaremos como unidades cada unha das solicitudes de informes previos á aprobación inicial e de solicitudes de aprobación definitiva dos PXOM, as súas modificacións puntuais (MP/PXOM), ou modificacións puntuais das normas subsidiarias de planeamento (MP/NSP).

Para estudar a actividade de planeamento de DESENVOLVEMENTO serán unidades as solicitudes de informe previo á aprobación definitiva (no caso de que for preciso) as solicitudes de aprobación definitiva no caso de ter a consellería a competencia para aprobar (plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural) e as comunicacións dos instrumentos de planeamento aprobados polos concellos.

## **Definicións**

### PLANEAMENTO XERAL

No planeamento xeral temos os seguintes instrumentos:

**PXOM:** Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O plan xeral de ordenación municipal é o instrumento urbanístico de ordenación integral. Abrangue xeralmente un termo municipal completo (malia que a lei permite que sexan varios) e ten por obxecto a clasificación do solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente e a definición da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio. Contén así mesmo as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.

**MP/PXOM:** Modificación puntual dun Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Calquera alteración das determinacións do plan xeral que non teña consideración de revisión deste. Enténdese por revisión a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio.

**MP/PXOU:** Modificación puntual dun Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Calquera alteración das determinacións do plan xeral de ordenación urbana que non teña consideración de revisión deste. O plan xeral de ordenación urbana era a denominación do plan xeral de ordenación municipal en leis que actualmente xa non están en vigor.

**NSP:** Normas subsidiarias de planeamento.

As normas subsidiarias e complementarias de planeamento establecerán as disposicións que deberán ser aplicadas nos municipios que carezan de plan xeral de ordenación municipal.

**MP/NSP:** Modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento.

Calquera alteración das determinacións das Normas subsidiarias de planeamento (ámbito municipal) que non teña consideración de revisión.

A lexislación vixente con anterioridade contemplaba a posibilidade de redactar Normas subsidiarias de planeamento de ámbito municipal nos concellos de menor complexidade urbanística e capacidade de xestión, no canto dun plan xeral. Moitos destes instrumentos continúan vixentes.

Non deben confundirse coas normas subsidiarias e complementarias de planeamento que afectan a varios concellos (contempladas no artigo 88 da LOUG), que establecen as disposicións aplicables nos municipios que carezan de planeamento xeral.

## PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO

**ED:** Estudo de detalle.

Instrumento que pode redactarse en desenvolvemento de plans xerais, plans parciais e especiais, e que ten por obxecto completar alifaciós e rasantes, ordenar volumes edificables ou concretar as condicións estéticas.

**PE:** Plan especial.

Instrumento que pode redactarse en dous supostos, en desenvolvemento dun plan xeral ou en ausencia de plan xeral ou por insuficiencia das súas previsións. No segundo caso, unicamente poden protexer ámbitos singulares, ordenar un núcleo rural ou establecer infraestruturas e dotacións urbanísticas.

No primeiro caso, ademais do anterior, poden levar a cabo operacións de reforma interior, coordinar a execución de dotacións urbanísticas, e outras que se determinen regulamentariamente.

**MP/PE:** Modificación puntual dun Plan especial.

Calquera alteración das determinacións deste instrumento que non teña consideración de revisión.

**PERI:** Plan Especial de Reforma Interior.

Subtipo de plan especial que ten por obxecto a execución de operacións de reforma en solo urbano non-consolidado previstas no plan xeral para o desconxestionamento desta clase de solo, a mellora das condicións de habitabilidade, a creación de dotacións urbanísticas, o saneamento de barrios insalubres, a resolución de problemas de circulación, a mellora do ambiente ou dos servizos públicos, a rehabilitación de zonas urbanas degradadas ou outros fins análogos.

**PEPRI:** Plan especial de protección e reforma interior.



Subtipo de plan especial que ten por obxecto as finalidades sinaladas no epígrafe anterior e, ademais, a protección de ámbitos singulares.

**MP/PEPRI:** Modificación puntual dun Plan especial de reforma interior.

Calquera alteración das determinacións deste instrumento que non teña consideración de revisión.

**PP:** Plan Parcial.

Instrumento de desenvolvemento dun plan xeral que regula a urbanización e a edificación do solo clasificado como urbanizable.

**MP/PP:** Modificación puntual dun Plan Parcial.

Calquera alteración das determinacións deste instrumento que non teña consideración de revisión.

**PS:** Plan de sectorización.

Instrumentos mediante os cales se establecen as determinacións necesarias para a transformación urbanística dos terreos clasificados como solo urbanizable non-delimitado.

**MP/PS:** Modificación puntual dun Plan de sectorización.

Calquera alteración das determinacións deste instrumento que non teña consideración de revisión.

#### OUTRO PLANEAMENTO:

**DSNR:** Delimitación de solo de núcleo rural.

Instrumento que posibilita a edificación nos núcleos rurais existentes nos concellos que carecen de planeamento xeral.

## **Variables**

### **Estado no planeamento xeral**

Referidas aos concellos teremos as seguintes variables:

Tipo de figura do planeamento xeral vixente. É a tipoloxía do último instrumento de planeamento xeral aprobado que está vixente. Pode tomar os seguintes valores:

- PXOM
- PXOU
- NSP
- DSU
- POMR

Os POMR aprobábanse en vez dos PXOM, segundo a lei 1/97, para concellos pequenos e as DSU aprobábanse cando nun concello non había PXOM. Son figuras que na actualidade non se poden levar a cabo e por iso non aparecen definidas no epígrafe anterior; polo momento poden reflectirse nesta variable pero tenden a desaparecer.

Os plans de ordenación terán vixencia indefinida, sen prexuízo da súa modificación e revisión.

Tamén existe a posibilidade de que aínda non se aprobara ningún planeamento xeral, polo que o concello que estea nesta situación rexerese polas normas subsidiarias de planeamento provinciais do 03/04/1991 (da provincia que corresponda), ou que o planeamento estea anulado ou suspendido.

Data de aprobación: Data na que se aprobou definitivamente o citado instrumento de planeamento. A partir desta data obtense os PXOM adaptados ou non á lei 9/2002.

PXOM adaptados ou non á lei 9/2002: estarán adaptados á lei 9/2002 todos os PXOM nos que a data da orde de aprobación definitiva sexa igual ou posterior ao 30/06/2003 e polo tanto, os non adaptados, serían todos os anteriores á citada data.

Tipo de figura no planeamento xeral en revisión. Só no caso de estar tramitando un novo PXOM. Na actualidade só pode tratarse dun PXOM.

Estado da tramitación (do planeamento xeral en revisión). Pode ter os seguintes valores:

- Informado. Cando xa se emitiu o informe previo á aprobación inicial.
- Aprobación Inicial. Despois do informe previo á aprobación inicial, cando o concello aproba inicialmente o instrumento.

### **Actividade de planeamento xeral e de desenvolvemento**

Referidas ás solicitudes de informes previos ás aprobacións iniciais ou de aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento xeral, solicitudes de resolución das delimitacións de solo de núcleo rural, das solicitudes de informe previo á aprobación definitiva e das comunicacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento.

As variables extraírense da documentación remitida polo concello, así como dos informes emitidos con posterioridade á recepción desta e grávanse na base de datos creada para tal efecto. Temos as seguintes variables:

Provincia, concello que inicia a solicitude e **Tipo de figura** urbanística que se pretende aprobar.

Trámite: refírese ao trámite para o que entra a figura correspondente (informe previo á aprobación inicial, aprobación definitiva...).

Entrada: esta variable recolle a data de inicio do expediente que será cando entra a solicitude no rexistro xeral da Xunta de Galicia e partir do cal se contarán os prazos establecidos na lei para resolver cada tipo de procedemento, así como as datas de entrada para solicitude de trámites posteriores.

Así para un mesmo PXOM teremos unha data de entrada cando entra a documentación para informe previo á aprobación inicial, e volveremos a poñer unha nova entrada cando volve entrar para aprobación definitiva.

Nos casos nos que non se precise de informe previo á aprobación definitiva (no caso do planeamento de desenvolvemento), será a data de entrada no rexistro do instrumento xa aprobado polo concello.

Informe: Data de emisión do informe previo á aprobación inicial, da orde de aprobación definitiva ou do informe previo á aprobación definitiva, nos tres casos competencia do conselleiro. Esta data está asociada a unha solicitude e polo tanto, refírese ao momento no que se responde a esta, xa sexa porque se emite o informe ou se resolve definitivamente.

Cando se fai a comunicación da aprobación do planeamento de desenvolvemento (que non precisa de informe previo) e se comunica á consellería (a través das súas delegacións) non se cubre esta variable.

Tipo de informe orde/resolución: Os informes poden ser favorables ou desfavorables. As ordenes poden ser de aprobar definitivamente (artigo 85.7A da lei), non aprobar (art. 85.7B) ou denegar a aprobación definitiva (art. 85.7C), posto que disto depende que remate o procedemento, se teña que volver a presentar novamente o proxecto ou se teña que comezar o procedemento desde o seu comezo. As resolucións das delimitacións de solo de núcleo rural poden ser de aprobar ou non aprobar.

Data de aprobación definitiva (data AD): é a data de aprobación definitiva do instrumento. No caso de que o expediente entre para a súa aprobación definitiva pola consellería e o tipo de resolución sexa aprobada debe coincidir coa data "informe". No caso de que a aprobación definitiva sexa competencia do concello é esta data.

## 4. Procesamento dos datos

O procedemento de aprobación, tanto do planeamento xeral coma de desenvolvemento realízase previa solicitude por parte do concello e achegando con esta o expediente completo, nos termos establecidos na normativa reguladora que resulte de aplicación en cada caso, agás no caso do planeamento de desenvolvemento aprobado directamente polo concello.

### Planeamento Xeral

O procedemento de aprobación do planeamento xeral estrutúrase en dúas fases: ao ámbito municipal correspóndelle a aprobación inicial e a provisional, así como a súa tramitación e a obriga de conseguir os informes necesarios para completar o expediente; a aprobación definitiva atribúeselle ao conselleiro.

Procedemento de aprobación dos PXOM, MP/PXOM ou MP/NSP (establecido nos artigos 85.1 e 85.7 da lei 9/2002 modificada pola lei 2/2010):

#### ***Informe previo á aprobación inicial (artigo 85.1):***

Rematada a fase de elaboración do planeamento e antes da súa aprobación inicial, os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada, tras o cal o expediente completo seralle remitido á persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe, que deberá ser emitido no prazo de dous meses. Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan.

O concello que o formulou procederá á súa aprobación inicial e seguidamente será sometido ó trámite de información pública, simultaneamente e durante o mesmo prazo, daráselles audiencia aos municipios limítrofes e deberá solicitarlles ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios.

#### ***Aprobación definitiva (artigo 85.7):***

Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o pleno do concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que fosen pertinentes e someterallo, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano autonómico competente que deba outorgar a aprobación definitiva.

A consellaría, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade documental tanto do proxecto de plan coma do expediente e das actuacións administrativas realizadas, así como a adecuación ás determinacións da memoria ambiental que deban incorporarse ao plan, de acordo coa alínea 5 deste artigo. De apreciarse a omisión ou defectuosa formalización dalgún trámite, ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación do proxecto, requirirá a emenda das deficiencias observadas e fixará o prazo para o efecto. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva nin procederá resolver sobre esta.

Unha vez completado o expediente, o conselleiro ou a conselleira adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:

a) Aprobar definitivamente o plan. A aprobación poderá ser parcial cando as deficiencias só afecten áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o planeamento se poida aplicar con coherencia. A parte obxecto de reparos quedará en suspenso ata que o concello emende as deficiencias e lle remita o documento corrixido á consellaría para a súa aprobación definitiva.

b) Se non procede outorgar a aprobación definitiva, o órgano competente sinalará as deficiencias e subseguintes modificacións que procede introducir, co obxecto de que, unha vez emendadas e aprobadas polo concello, se eleve de novo o documento para a súa aprobación definitiva, agás que quedase eximido de facelo pola escasa importancia das modificacións.

c) Denegar a aprobación definitiva no caso de que o plan en tramitación se estime inviable porque as deficiencias constatadas non sexan susceptibles de emenda.

<b>PLANEAMENTO XERAL</b>		
PXOM MP/PXOM MP/NSP MP/PXOU	Informe previo aprobación inicial	Artigo 85.1
	Aprobación definitiva	Artigo 85.7A (aprobación)
		Artigo 85.7B (non outorgar a aprobación definitiva)
		Artigo 85.7C (denegar a aprobación definitiva)

## **Planeamento de desenvolvemento**

A competencia para a aprobación definitiva do planeamento de desenvolvemento atribúeselle, en principio, ao concello, aínda que, no caso dos plans de sectorización e plans especiais non previstos no plan xeral, esixirase previamente a emisión dun informe preceptivo e vinculante da consellería.

Atribúeselle, sen embargo, ao conselleiro a competencia para aprobar os plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural, dada a importancia que esta lei lle outorga ao modelo de asentamento rural e á iniciativa económica pública que eses plans lles van esixir ás administracións afectadas.

Procedemento de aprobación dos PE, MP/PE, PP, MP/PP, PS e MP/PS (establecido no artigo 86.1 da lei 9/2002 modificada pola lei 2/2010):

Artigo 86º.-Tramitación de planeamento de desenvolvemento.

1. A tramitación dos plans parciais, plans especiais e plans de sectorización axustarase ao seguinte procedemento:

a) O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente notificaráselles individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados. Para estes efectos, unicamente será obrigatoria a notificación ás persoas titulares que figuren no catastro, debendo figurar a relación na documentación do plan.

b) Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos, deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, agás que a lexislación sectorial sinala outro prazo.

c) Os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e da calidade técnica da ordenación proxectada.

d) A aprobación de plans de sectorización e de plans especiais non previstos no plan xeral requirirá en todo caso a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control da legalidade e á tutela dos intereses supramunicipais, así como o cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais.

Para estes efectos, cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que fosen pertinentes e someterallo, co expediente completo debidamente dilixenciado, á persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de dous meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría. Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan.

A consellaría, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade tanto do proxecto de plan coma do expediente e das actuacións administrativas realizadas. De apreciarse a omisión ou defectuosa formalización dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación do proxecto, requirirá a emenda das deficiencias observadas e fixará prazo para o efecto. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a emisión do informe autonómico.

Nos demais casos, non será necesario o informe da consellaría nin a aprobación provisional do plan.

e) Cando, con posterioridade ao trámite de información pública, se pretendan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado abriase un novo trámite de información pública.

f) Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello procederá á súa aprobación definitiva.

g) No caso no que os plans de desenvolvemento aos que se refire este artigo deban someterse a avaliación ambiental estratéxica, serán así mesmo aplicables as previsións contidas nos artigos 84°.5 e 6 e 85°.2, 3, 4, 5 e 6, coa especificidade de que o documento de inicio non virá obrigado a conter o estudo detallado de medio rural, modelo de asentamento e do sistema de núcleos que se propoña no plan xeral, e que o acordo de aprobación inicial, simultaneamente co seu sometemento a información pública, se lles notificará individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados. Para estes efectos, unicamente será obrigatoria a notificación ás persoas titulares que figuren no catastro, debendo figurar a relación na documentación do plan.

#### Procedemento de aprobación dos ED (artigo 86.2 da LOUG).

Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal ha aprobalos definitivamente coas modificacións que resulten pertinentes.

Cando a competencia para a aprobación definitiva lle corresponda ó concello, esta seralle comunicada á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, á vez que se lle dará traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con tódolos planos e documentos que integran o plan sobre os que recaese o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo secretario do concello, facendo constar a dita circunstancia.

No anuncio de aprobación definitiva farase constar a remisión da documentación á consellería.

Procedemento de aprobación dos Plan especiais de ordenación do núcleo rural (establecido no artigo 87 da LOUG):

1. A tramitación dos plans especiais de ordenación do núcleo rural correspóndelle ao órgano municipal competente.
2. A aprobación inicial adoptaraa o órgano que o formulase, someténdoo a información pública polo prazo dun mes, mediante anuncio que será publicado no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia.
3. Simultaneamente notificaráselles individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados que figuren como titulares no catastro, debendo figurar a relación na documentación do plan especial. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, agás que a lexislación sectorial sinala outro prazo.
4. Cumpridos os trámites precedentes, o concello procederá á súa aprobación definitiva.
5. No suposto dos plans especiais aos que se refire o artigo 72º.2 desta lei, a súa tramitación axustarase ao previsto no seu artigo 86º.2.

<b>PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO</b>		
PE MP/PE PERI PEPRI MP/PEPRI PP MP/PP PS	Informe previo á aprobación definitiva	Artigo 86.1



MP/PS		
ED	Artigo 86.2	

## Outro planeamento

Procedemento de aprobación das DSNR (establecido na disposición adicional 2ª da lei 9/2002 modificada pola lei 2/2010):

Disposición adicional segunda.-Réxime do solo nos municipios sen planeamento.

1. Nos municipios sen planeamento xeral unicamente poderá edificarse nos terreos que merezan a condición de solo urbano consolidado por reunir os requisitos establecidos no artigo 12º.a) desta lei e se garanta previamente a realización das obras necesarias para cumprir a condición de soar.

2. Para edificar nos núcleos rurais existentes nos municipios sen planeamento será necesaria a previa aprobación do expediente de delimitación de solo de núcleo rural, no que se acreditará o cumprimento dos requisitos establecidos polo artigo 13º desta lei.

O expediente conterá o estudo individualizado do núcleo rural, conforme o sinalado polo artigo 61º.3 desta lei, así como os planos de delimitación do perímetro do núcleo rural.

Tamén quedarán reflectidos o trazado da rede viaria pública existente e os espazos reservados para dotacións e equipamentos públicos, así como as determinacións previstas nas letras d) e f) do artigo 56º.1 desta lei.

O expediente tramitarao o concello con información pública por prazo mínimo dun mes, mediante anuncio que se deberá publicar no Diario Oficial de Galicia e en dous dos diarios de maior difusión na provincia. O expediente aprobarao provisionalmente o órgano municipal competente para a aprobación do planeamento xeral e remitirallo ao secretario ou á secretaria xeral competente en materia de urbanismo para que resolva sobre a aprobación definitiva no prazo de tres meses contados a partir da recepción do expediente completo no rexistro da consellaría. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, entenderase aprobado por silencio administrativo.

3. No resto dos terreos aplicarase o réxime do solo rústico establecido nesta lei.

OUTRO PLANEAMENTO	
DSNR	Aprobación: disposición adicional 2ª da lei

Todas as solicitudes recibidas gravábanse nunha base de datos creada para o efecto (da que se achega unha copia da pantalla de impresión), que era actualizada diariamente, de onde se extraerán os datos necesarios para a elaboración da estatística.

**PLANEAMENTO**

**INFORMACIÓN RELATIVA Ó PLANEAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL**

PROVINCIA:  CÓDIGO:  CONCELLO:

TIPO:  DOGA

FIGURA:  DOGAP

COM SUPERIOR:  EQ REDACTOR:

INFOR. FAV. CSU  EXP. COAG:

Nº TRÁMITE:  TRAMITE:  ENTRADA:  TOPE:

ESTADO:  INFORME:  TIPO INFORME:

**TRAMITACIÓN**

**OBSERVACIÓNS**

AI:  Data Aprob. Inicial BOP:  Data Aprob. Inicial DOG:

AP:  Data Aprob. Definitiva BOP:  Data Aprob. DEF DOG:

AD:

CONTIDO DOCUMENTAL:

**Interrupción de prazos**

Data interrupción:  Prazo restante:  Dias:

**DOCUMENTOS DIXITALIZADOS**

EXPEDIENTE

**LEI DE MEDIDAS URGENTES EN MATERIA DE LITORAL**

AFECTADO POLA LEI 6/2007:

AFECTADO POLA ORDE 14/05/09:

Orde:

**EVALUACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA**

Anuncio DOGA Eval AMB:

Sentido do Anuncio:

Data da Resolucion Ev. Au:

Sentido Resolucion EA:

Exp. OL:

**UBICACIÓN DO PLAN EN TRAMITACIÓN**

ARMARIO:

ESTANTE:

Copia Dixital:

ARQUIVADO EN AVE:

Na actualidade creouse unha base de datos nova, á que se accede a través da rede, na que se carga os expedientes que iniciaron a súa tramitación a partir do ano 2011 e á que se pasarán todos os datos que obran na anterior (achégase unha copia da pantalla de impresión).

Sistema de Xestión de Exp. Urbanísticos y OT (v 1.0.4)

Usuario: nvaamonde | Idioma: Gallego | Recordar idioma:

**Expedientes Planeamento - Buscar**

Tipo de procura:

Executar acción:

Código:

Provincia:

Figura:

Trámite:

Entrada Trámite Denia:

Observacións:

Cancelar:

En Estado:

Estado Trámite:

Entrada Trámite Acep:

Próximo a vencer

Para Prazo

© 2009 CMATI Arquitectura J2EE

Os datos son pasados da base de datos a un documento MS Excel, para a partir de aí poder facer os gráficos.

## **5. Deseño da explotación dos datos**

A información publicarase no primeiro semestre na páxina web da consellería, referida ao ano anterior tanto o estado do planeamento como a actividade realizada no ano.

### **Estado do planeamento**

A información sobre o estado do planeamento vixente actualízase de xeito contínuo; mais para facilitar os datos collerase a información a 31 de decembro e farase a estatística referida a esta data. Así pois facilitarase, referida a 31 de decembro:

Concellos de Galicia segundo o planeamento vixente por provincias. O tipo de planeamento vixente é o recollido na variable tipo de figura (tal e como aparece no apartado deste proxecto), diferenciándose nos PXOM aqueles adaptados á lei 9/2002 e os non adaptados á lei.

### **Actividade de planeamento**

#### Informes previos á aprobación inicial

Número de informes previos á aprobación inicial de PXOM, modificacións puntuais de PXOM, ou modificacións puntuais de normas subsidiarias de planeamento, emitidos no ano. Contaranse aquelas solicitudes coa variable INFORME entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. Colleranse todas as solicitudes independentemente da súa evolución.

#### Aprobacións definitivas

Número de expedientes para aprobacións definitivas de PXOM, modificacións puntuais de PXOM, ou modificacións puntuais de normas subsidiarias de planeamento, emitidos no ano. Contaranse aquelas solicitudes coa variable INFORME entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. Colleranse por un lado, todas as solicitudes independentemente da súa resolución e polo outro aquelas con resolución de aprobación definitiva (85.7A) aínda que só sexa parcial.

#### Informes previos á aprobación definitiva

Número de informes previos á aprobación definitiva de ED, PE, MP/PE, PERI, PEPRI, MP/PEPRI, PP, MP/PP, PS ou MP/PS, emitidos no ano. Contaranse aquelas solicitudes coa variable INFORME entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. Colleranse todas as solicitudes independentemente da súa evolución. Esta variable obterase para cada unha das unidades da estatística que precisen do informe .

Proxectos aprobados polo concello (segundo o establecido no artigo 92 da lei) e que posteriormente este remitirá á consellería competente en materia de urbanismo, que poderá requirir ou anulalos. Para o cálculo deste valor consideraranse a data de AD do concello no ano de referencia, polo que se inclúen aqueles expedientes iniciados en anos anteriores que foron aprobados no ano en cuestión e non se inclúen aqueles expedientes iniciados no ano dos que aínda non se aprobaron. Contaranse aquelas solicitudes coa variable AD (aprobación definitiva polo concello) entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro.